

EL SILENCIO DE OTROS

[Almudena Carracedo / Robert Bahar, 2018]

459

ESTREA EN NUMAX: 29.11.2018 | V.O. | +12

El silencio de otros (2018, 95')

Dirección: Almudena Carracedo / Robert Bahar

Guión: Almudena Carracedo / Robert Bahar

Son: Robert Bahar

Montaxe: Ricardo Acosta, Almudena Carracedo, Kim Roberts

Música: Leonardo Heiblum, Jacobo Lieberman

Fotografía: Almudena Carracedo

Produtoras: Semilla Verde Productions, Lucernam Films, American Documentary POV, Independent Television Service, Latino Public Broadcasting, El Deseo (España)

Distribuidora: BTeam

Formato de proxección: DCP2K

Idioma orixinal: Español

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlinale 2018 (Premio do Público Sección Panorama), Premios do Cinema Europeo 2018 (Nomeado a mellor documental)

FILMOGRAFÍA ALMUDENA CARRACEDO

Made in L.A., 2007

Welcome, a Docu-Journey of

Impressions, 2003 [curtametraxe]

FILMOGRAFÍA ROBERT BAHAR

Laid to Waste, 1996 [mediametraxe]

SINOPSE

Documental que revela a loita silenciada das vítimas do longo réxime de Francisco Franco, que continúan a procurar xustiza até os nosos días. Filmado ao longo de seis anos, o filme segue a vítimas e superviventes do réxime a medida que organizan a denominada *Querrela arxentina* e confrontan un pacto do esquecemento sobre os crimes que padeceron.

«Valente, emocionante, necesario e esclarecedor... atrévese a clamar pola verdade»

Alfonso Rivera, CINEUROPA



Notas das directoras

Por Almudena Carracedo e Robert Bahar

Os inicios

En 2010, comezaron a aparecer casos de bebés roubados en España. A historia destes crimes, que se remontan aos inicios da ditadura de Franco, levounos a investigar a marxinalización das vítimas e o silencio sobre os diversos crimes da época franquista, desde asasinatos extraxudiciais ao finalizar a Guerra Civil até casos de tortura cometidos en datas tan recentes coma 1975.

Cando comezamos a saber máis, desconcertáronnos preguntas básicas: como podía ser que España, a diferenza doutros países emerxendo de reximes represivos, non tivese uns Xuízos de Nuremberg, nin unha Comisión para a Verdade e a Reconciliación? Por que se instaurou en España un pacto de esquecemento? E cales son, logo de corenta anos de democracia, as consecuencias deste pacto para as vítimas da ditadura de Franco?

Ao filmar *La querella argentina* en 2012 moi poucos pensaban que fose ter grande impacto. Pero mentres gravabamos esas primeiras reunións puidemos ver que a querela estaba a construír algo vital, transformando vítimas e superviventes en organizadores e querelantes e recompilando decenas, e máis tarde centos de testemuñas en toda España.

Axiña descubrimos que *El silencio de otros* ía ser unha historia sobre posibilidades, sobre tratar de romper barreiras e que, en lugar de centrarse no que ocorreu no pasado, se centraría no presente e no que pode ocorrer no futuro. Decatámonos tamén de que o filme personificaba o entusiasmo, anhelo e urxencia dos querelantes, posto que, para moitos deles, este caso podía supoñer a última oportunidade da súa vida de seren escoitados.

Perspectiva e proceso

Facemos os filmes a lume lento, cun equipo moi pequeno, durante un longo período. Gravamos en equipos de dous, Almudena filmando e Robert encargándose do son. Aínda que nos interesan moito os temas que abordamos, fascínannos as persoas e as súas historias. Gravamos con paciencia durante longos períodos e observamos como se van desenvolvendo as historias, seguindo diversas liñas argumentais e vendo cara a onde nos levan. Este proceso fai que teñamos moito material, neste caso unhas 450 horas, pero tamén nos mergulla na historia, no día a día. O noso proceso de montaxe é tamén extenso, lento e paciente, tentando manternos abertos a novos descubrimentos.

Estilo e referencias

El silencio de otros é á vez lírico e reflexivo, e ás veces intrigante. O filme estrutúrase arredor da Querela Arxentina, seguimos o caso a medida que se desenvolve diante da nosa cámara durante máis de seis anos, capturando os intres clave e as emocións no momento.

Usando a querela como columna vertebral, o filme mestura coa máxima delicadeza posíbel, os testemuños dos querelantes, filmados sobre fondo negro, como se fosen os testemuños que agardan declarar nun xuízo un día. Admiramos traballos como *Nostalgia de la luz* (Patricio Guzmán, 2010) y *La mirada del silencio* (Joshua Oppenheimer, 2014), como fermosos e profundos modelos para explorar as sombras que o pasado proxecta no presente.

Alcance

El silencio de otros sobrepasa as fronteiras españolas e enmárcase nun movemento de filmes que tratan sobre xustiza transnacional en sociedades post-conflito. Porén, moitas destas películas están centradas en crimes que se produciron nos países pertencentes ao chamado sur global. En *El silencio de otros*, pola contra, os crimes ocorreron en España, no corazón de Europa, e os avogados e querelantes, axudados pola xustiza arxentina, móstrannos como a xurisdición universal ofrece a poboacións vulnerábeis unha ferramenta para obter xustiza en calquera lugar do mundo.

Recibimos o interese de espectadores tan afastados como Colombia, Líbano, os Balcáns, Sri Lanka e moitos outros lugares que senten que a lei de amnistía española e o seu pacto de esquecemento reflecten as súas propias experiencias, e que o filme pode ser unha importante ferramenta para promover o diálogo nos seus países.

Publicado en <http://bteampictures.es>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

